

## SOLUCIÓN DE EJERCICIOS FASE 3.7

### Repartimos propiedades

Unha inmobiliaria ten varias propiedades que quere repartir entre os seus axentes para xestionar mellor o seu negocio, así que se lle expoñen varias cuestións que debe resolver.

Que vos parece se lles botamos unha man?

Ímonos a dividir en grupos de catro, de maneira que cada grupo contará con xefa ou xefe de oficina, axente de información, axente de compras e vendas e axente portavoz.

Podedes usar o voso caderno para realizar os cálculos e responder as cuestións que se expoñen, decidindo ao principio como ides distribuír o traballo, sendo o axente portavoz o encargado de comunicar ao resto da aula como chegastes ás solucións e cales foron esta.

a) Na súa carteira de xestión, a inmobiliaria conta cun total de  $64.560 \text{ m}^2$  de terreo destinado a solares para facer edificacións. Queremos que cada un dos membros da oficina realice o seu traballo nunha superficie igual á do resto de axentes. Cantos  $\text{m}^2$  tocaralle a cada un?

$$64.560 \div 4 = 16.140 \text{ m}^2 \text{ xestionará cada axente}$$

b) O responsable de oficina decide destinar a parte que xestiona a construír chalés adosados, con garaxe e xardín. Se pretende que acha 15 chalés, canto ocupará cada un se todos constan das mesmas dimensións?

$$16.140 \div 15 = 1.076 \text{ m}^2 \text{ ocupará cada un}$$

c) A parte que xestiona o axente de información vaise a dedicar a construír un edificio para oficinas con cinco plantas, dividindo cada planta en locais de igual superficie. Sabendo que en cada planta só poden utilizar  $15.900 \text{ m}^2$  para as oficinas e cada unha das plantas queda dividida en 15 locais iguais, cantos  $\text{m}^2$  terá cada oficina?

$$15.900 \div 15 = 1.060 \text{ m}^2 \text{ terá cada oficina}$$

d) O axente de compras e vendas vai dividir a súa parcela en solares máis pequenos para a súa venda. Sabendo que cada terreo ten unha superficie de  $4.035 \text{ m}^2$ , cantos solares poderá vender?

$$16.140 \div 4.035 = 4 \text{ solares}$$

e) Para vivendas, o axente portavoz dedica o seu terreo, facendo 12 edificios de 3 plantas. Se en cada planta hai 6 vivenda e puido utilizar unha superficie de  $1.350 \text{ m}^2$  por planta, incluíndo os balcóns, canto ocupa cada piso?

$$1.350 \div 6 = 225 \text{ m}^2$$